

ORIENTACIÓN S PARA AS PR OBAS DE DEBUXO TÉCNICO APLICADO ÁS ARTES PLÁSTICAS E AO DESEÑO II ABAU 2024

Prezadas e prezados colegas:

A finalidade de este documento é a de proporcionar instrucións e orientacións de cara ás probas ABAU da materia Debuxo técnico aplicado ás artes plásticas e ao deseño II.

Antes de nada, recordámosvos que na ABAU de 2024, os currículos estarán determinados, salvo instrución noutro sentido, pola Lei de Educación 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOMLOE), así como polo Real Decreto 243/2022, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato e o Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro de 2022). Este cambio normativo implicará a futuro cambios nos xeitos de avaliar o alumnado.

Os contidos obxecto de avaliación son os que enuncia o Real Decreto 243/2022, BOE n.º 82 do 07/04/2022 e que desenvolve o Decreto 157/2022, DOG n.º 183 do 26/09/2022, **á espera da publicación da matriz e especificacións no BOE**. As preguntas versarán sobre contidos dos diferentes bloques podendo variar a distribución e a orde dos mesmos no deseño das probas.

O obxectivo é que o alumnado poida entender o debuxo técnico como unha ferramenta nos procesos de deseño e artes plásticas polo que a proba contará con exercicios prácticos que poderán ser de resposta única ou aberta. O alumnado terá que facer dous dos tres exercicios propostos.

A proba se realizará sobre a lámina do enunciado en DIN A3 e os exercicios serán delineados a lapis. Deberán indicarse as construcións gráficas auxiliares necesarias para a resolución dos exercicios. Poderá empregarse lapis de cor para determinados acabados en caso de que así o indique expresamente o enunciado do exercicio.

A Coruña, 30 de novembro 2023

Vicente A. López Chao

Director do grupo de traballo